


Victorino Pérez Prieto: "Non era un herexe"

Reivindica a figura de Prisciliano como un "mito necesario" para o pobo galego, mobilizador da identidade colectiva

MONTSE DOPICO. SANTIAGO



Para Prieto, o coñecemento sobre Prisciliano como parte da orixe do pobo galego pode ser mobilizador da identidade galega FOTO: M. Pérez/AGN

"A figura máis senlleira da historia galega" para Otero Pedrayo. "Un dos símbolos máis grandes de Galicia" para Castelao, que o sitúa á cabeza dos inmortais galegos no seu *Alba de Groria*. O ronsel da figura de Prisciliano na cultura galega é fondo. E o doutor en Teoloxía Victorino Pérez Prieto acaba de revisalo nun ensaio editado por Galaxia no que reivindica este persoeiro histórico como mito que pode recuperar, na Galiza actual, o seu potencial mobilizador.

"A miña fascinación por Prisciliano naceu lendo a Otero", explica o autor, para quen Prisciliano non foi, nin moito menos, "un herexe que merecese a fogueira". *Prisciliano na cultura galega. Un símbolo necesario* pode servir, precisamente, como antídoto do descoñecemento sobre este personaxe.

Estruturado en gran medida como un diálogo coa bibliografía e as fontes que foron construíndo ao longo da historia o imaxinario social sobre Prisciliano, o libro comeza repasando a súa vida e obra. "É importante coñecer a realidade histórica, pero tamén a realidade mítica. Saber como foi a vivencia colectiva do pobo. Porque Prisciliano conectou co sentimento telúrico do pobo galego", salienta o autor.

Prisciliano viviu no século IV, aínda que a súa orixe "é algo imposible de saber con seguridade". Na Gallaecia romana foi, segundo Pérez Prieto, "profeta de masas" e "reformador". Un "rebelde", un "asceta", crítico cunha Igrexa corrupta e maridada co poder político desde que o emperador Constantino favorecera o cristianismo, que virara para a xerarquía eclesiástica nun xeito de obter "diñeiro, prestixio e poder". Un "rebelde" que "non se vendeu", e cuxa oratoria atraeu primeiro aristócratas e bispos, e despois, e sobre todo, as clases populares.

Pérez Prieto amósase de acordo, neste aspecto, coa tese de Xosé Chao Rego que, no seu libro *Prisciliano, profeta contra o poder* sinala como este "exercía atractivo sobre os desprotexidos socialmente". "No cristianismo sempre houbo unha vea profundamente social á vez que relixiosa", sostivo o autor.

Xunto á defensa da renuncia aos bens mundanos, a "abstención da carne e do alcohol", e outras cuestións, un dos aspectos da conduta prisciliana nos que máis incide Pérez Prieto é a "defensa da igualdade de sexos", pois as mulleres participaban da súa comunidade relixiosa con igualdade de dereitos.

E estes desafíos ao poder foron os alicerces da condena de Prisciliano, segundo o autor. O bispos Hidacio de Mérida e Itacio de Ossonoba foron os seus principais inimigos. "Eran dous corruptos. Pero a primeira vez saúlles mal, e non conseguiron a condena de Prisciliano. De feito, despois foi nomeado bispo de Ávila, malia ser un laico. Finalmente, co apoio dos bispos corruptos, Itacio logra que o emperador, Clemente Máximo, que non tiña nada de clemente, acceda a reprimir a presunta herexía de Prisciliano. Foi un xuízo vergoñento, torturárono... Un xuízo político, nun momento no que aínda non se axusticiaba a ninguén por herexe", relatou Pérez Prieto.

O emperador pretendía "gañar o apoio da Igrexa, coller un prestixio moral e presentarse ante súbditos e autoridades como defensor da fe, como un novo Constantino", matiza o autor. Ademais, os bens de Prisciliano e o resto dos encausados con el foron confiscados. "Foron condenados por maniqueísmo e *maleficium*. E quedou a idea de que Prisciliano era un herexe. Cando en realidade era un rebelde, un renovador... pero non un herexe. De feito foi rehabilitado por algúns teólogos, aínda que non pola Igrexa. Foi un teólogo xenial, como se pode comprobar nos seus textos", asegurou.

Pérez Prieto ve "improbable" que os ósos de Prisciliano descansen en Compostela, como "non é máis probable" que sexan os do Apóstolo Santiago. E lembra que o priscilianismo arraigou en Galicia moitos anos antes que o culto xacobeo.

DEBATE

Do cura de Fruíme a Manuel Murguía

Malia a morte de Prisciliano a represión dos seus seguidores, o priscilianismo mantívose moi vivo, e foi un factor de expansión do cristianismo en Galicia. "Dous séculos despois aínda é preciso que o abade San Martiño de Dumio veña a Braga para pretender acabar dunha vez co priscilianismo", lembra o autor. Prisciliano tivo "seguramente " o seu propio santuario en Galicia, e foi venerado como un mártir. Pero na Idade Media, despois do século VI, foi oficialmente -aínda que non no ámbito popular- esquecido, e non volveu rexurdir ata a Ilustración. O descubrimento dos seus Tratados por G. Schepss, no XIX, foi fundamental. En Galicia, como no resto do mundo, tivo defensores e detractores. Entre os últimos, tal como sinala Prieto, o cura de Fruíme, que nega a galegitude de Prisciliano, ou o historiador Antonio López Ferreiro. Entre os defensores, Manuel Murguía, que o presenta como referente dunha relixiosidade celta e cristiá, aínda que o considera un herexe. Pérez Prieto subliña a visión do filósofo Ángel Amor Ruibal como exemplo de ecuanimidade, que aprecia en Prisciliano certo gnosticismo e sostén que non se opuxo á Biblia, senón que tentou completar a súa interpretación cunha lectura alegorizante.

IMPORTANCIA

Otero Pedrayo, Castelao, Daniel Terán Fierro e Millán Picouto

A figura de Prisciliano deixou unha especial pegada na Xeración Nós. Para Otero Pedrayo os escritos priscilianistas son "a primeira expresión literaria do espírito galego". Risco pasou de defendelo a criticalo e Castelao ve nel "un dos símbolos meirandes de Galicia".

Pérez Prieto analiza tamén a influencia de Prisciliano na cultura galega desde a xeración Nós ata hoxe. Entre os ensaios, salienta o de Daniel Terán Fierro, Uxío Romero Pose, José Luís Barreiro Barreiro, Eduardo Pérez Pereira ou María Victoria Escribano. Entre as obras literarias, -Manuel María, Méndez Ferrín, María Xosé Queizán ou Roberto Vidal Bolaño inspiráronse en Prisciliano-, subliña *Prisciliano en Tréveris* de Millán Picouto. E sinala, por outra banda, a importancia de Prisciliano na espiritualidade galega, e en concreto no movemento renovador da Igrexa galega da asociación Irimia e a revista Encrucillada, coa Romaxe de Crentes que cada ano reúne máis de 5.000 persoas.